



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E TRES DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN**  
**(ACTA NÚMERO 28)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e sete minutos do día **vinde e tres de xullo de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D<sup>a</sup>. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño e o Sr. Deputado D. Roberto Fernández Rico.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de xullo de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MUDANZA E TRASLADO DE DIFERENTES SERVIZOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN VARIAS UBICACIÓNS ATA OS PAVILLÓNS Nº 1 E Nº 2 DO FOGAR DE SANTA MARÍA EN LUGO E NAVES DO POLÍGONO DO CONCELLO DE BEGONTE.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 16 de xullo de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7ERSHLZE52ZXP62EHVMIPGGQ.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7ESTHI3FOP3363RT6UOZPE4Q.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7ERSHILREZZOPOZVEDL3YTAU.



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7ES2XPZBUJL7WLC3XGGIKE7Y.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7ES2XDYB4T3OOCYNXVMM7CF4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7ES2ZZJZJL2WNN2JO5DZKEKQ.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7ES6RDLYHKL2HJ2XQW53T654.

Acordo da Xunta de Goberno de data 11 de xuño de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7ESLQZGF5LJD4Y6EQXPYBXDY.

Acta da Mesa de Contratación do día 1 de xullo de 2021, con CSV IV7E6WZ7DJU7XOML2MUROEYH4A que recolle o seguinte:

“Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente. (Sobre electrónico único).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
CASTILLA Y LEÓN INTERNATIONAL MOVERS, S.L.
ORDAX COORDINADORA DE TRANSPORTES Y MERCANCÍAS, S.L.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura do sobre electrónico único e exame do Anexo I, acreditación dos requisitos previos, resultando que os licitadores presentan a declaración responsable denominada Anexo I, requirida no PCAP, debidamente cumprimentada e asinada, polo que os membros integrantes da Mesa de Contratación acordan admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder ao exame do Anexo III, relativo aos criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmulas matemáticas ou avaliábeis de forma automática, recollidos no PCAP, resultando o que se indica a continuación.

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)
CASTILLA Y LEÓN INTERNATIONAL MOVERS, S.L.	41.406,20 EUROS
ORDAX COORDINADORA DE TRANSPORTES Y MERCANCÍAS, S.L.	51.346,35 EUROS

Comprobase que as ofertas non incorren en presunción de desproporcionadas ou anormalmente baixas.

Segundo.-Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automáticamente.

Acto seguido, procedeuse á valoración das ofertas presentadas, co seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN
CASTILLA Y LEÓN INTERNATIONAL MOVERS, S.L.	100 PUNTOS
ORDAX COORDINADORA DE TRANSPORTES Y MERCANCÍAS, S.L.	80,64 PUNTOS

Terceiro.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade dos seus integrantes, elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CASTILLA Y LEÓN INTERNATIONAL MOVERS, S.L.	100 PUNTOS
2	ORDAX COORDINADORA DE TRANSPORTES Y MERCANCÍAS, S.L.	80,64 PUNTOS

Requirir á empresa Castilla y León International Movers, S.L. para que, no prazo de sete días hábiles, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, presente a través da Plataforma de



Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas que non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece), isto é:

Descrición da maquinaria e medios persoais concretos destinados á execución das tarefas previstas no Prego.

Documentación acreditativa do seguro de responsabilidade civil requirido: por importe mínimo de 150.000 euros para a totalidade das tarefas a realizar de cara a completar este traslado.”  
(...)

Acta da Mesa de Contratación do día 12 de xullo de 2021, con CSV IV7EYQC73EFZXNHTCF5TEMZSKM, que recolle o seguinte:

(...) “Con data 7 de xullo de 2021, o licitador Castilla y León International Movers, S.L. presentou, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación póliza de Responsabilidade Civil e compromiso de adscrición de medios.

Emitiuse informe pola Técnica Superior de Edificacións e Obras da Unidade de Proxectos, con CSV IV7E6LPMDNZO76FJWMWD4VSEO4<sup>1</sup> que conclúe:

“En relación al Seguro de Responsabilidad Civil, se presenta por parte de la empresa Castilla y León International Movers S.L. póliza de Responsabilidad Civil, por importe superior al exigido en el Pliego, con período de validez inferior al plazo de ejecución del contrato (hasta el 14 de julio de 2021). No se adjunta compromiso de suscripción de renovación o prórroga que garantice el mantenimiento de su cobertura durante toda la ejecución del contrato.

Respecto a la maquinaria y medios personales concretos destinados a la ejecución de las tareas, no se hace referencia a la adscripción de un mínimo de 8 roll tainers, exigidos en el apartado

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

4 del PPT. Se justifica el resto de medios materiales y personales establecidos como mínimos en el PPT.”

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir á empresa Castilla y León International Movers, S.L. para que, no prazo de tres días hábiles, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación referida no informe da Técnica Superior de Edificacións e Obras da Unidade de Proxectos, isto é:

Compromiso de subscrición de renovación ou prórroga da póliza de Responsabilidade Civil que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato.

Compromiso de adscrición dun mínimo de 8 roll tainers, esixidos no apartado 4 do PPT” (...).

Celebrada sesión da mesa de contratación no día de hoxe, visto que a empresa presentou a documentación requirida en tempo e forma, acórdase dar por atendido o requirimento. Obra no expediente o resto de documentación recollida na cláusula 17 do PCAP:

No tocante aos documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e representación, constan no rolece obxecto social da mercantil e condición de administradora única da representante.

No mesmo rexistro consta que non existen prohibicións vixentes para contratar.

Consultados os datos da Axencia Tributaria, Seguridade Social e Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo, en virtude de autorización de consulta outorgada polo licitador, incorpóranse ao expediente. O licitador atópase de alta no epígrafe 757 servizo de mudanzas, do Imposto sobre Actividades Económicas no exercicio 2021, e atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Adxudicar á empresa Castilla y León International Movers, S.L.. a contratación do servizo de mudanza e traslado de diferentes servizos da Deputación provincial de Lugo en varias ubicacións ata os pavillóns nº 1 e nº 2 do Fogar de Santa María en Lugo e naves do Polígono do Concello de Begonte, 2021/CON\_02/000047, por un importe de 34.220 euros aos que se engadirán 7.186,20 euros en concepto de IVE, ascendendo a un importe total de 41.406,20 euros.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalas atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CASTILLA Y LEÓN INTERNATIONAL MOVERS, S.L.	100 PUNTOS
2	ORDAX COORDINADORA DE TRANSPORTES Y MERCANCÍAS, S.L.	80,64 PUNTOS

**2º.-** Adxudicar á empresa Castilla y León International Movers, S.L.. a contratación do servizo de mudanza e traslado de diferentes servizos da Deputación provincial de Lugo en varias ubicacións ata os pavillóns nº 1 e nº 2 do Fogar de Santa María en Lugo e naves do Polígono do Concello de Begonte, 2021/CON\_02/000047, por un importe de 34.220 euros aos que se engadirán 7.186,20 euros en concepto de IVE, ascendendo a un importe total de 41.406,20 euros.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS PROPANO CON DESTINO AOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSAGRADA, CASTROVERDE, PEDRAFITA DO CEBREIRO, NAVIA DE SUARNA E RIBAS DE SIL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20 de xullo de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Anuncio Previo enviado a través da Plataforma de Contratos do Sector Público en data 12 de marzo de 2021.





Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV IV7EVUBYLL7NZ3R5SA6AEJ37AE<sup>2</sup>

Prego de prescricións técnicas elaborado pola Sección de Benestar Social e Igualdade con CSV IV7EW6R3Z4ZOTGHYYIENLZBBNY.

Memoria xustificativa, elaborada pola Sección de Benestar Social e Igualdade, con CSV IV7EW6RZBARP6RGPXTXH4FP7AY

Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EWGA7JUXJRH7ZTQNUM5AFMM.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7EWGL2L3736SBO7TXGG7RCNY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EWGLZFUGC57J6BQGCKABQJY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EWGJ6F7UI7VM4CTYV6AYHAQ.

Proposta de Presidencia, con CSV IV7EWHZ2BFZKT2HTZVGNATXEAA.

Acordo da Xunta de Goberno de data 21 de maio de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adjudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EXTA4JXKRXF5VUEVKTWAY.

Acta da Mesa de Contratación do día 14 de xuño de 2021, con CSV IV7ESP4KFGPRXEICXUTKJ3QFY, que acordou o seguinte:

“Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa proposta, a continuación procédese á apertura dos Sobres B, criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas:

LICITADORES	RECARGO/REDUCCIÓN SUBMINISTRACION GAS	Oferta mantemento (sen impostos)	Tempo de entrega xeral	Tempo de entrega urgente
REPSOL BUTANO S.A.	-0,181 €/Kg	0 euros	48 hs	12 hs
VITOGAS ESPAÑA, S.A.	+ 0,075 €/Kg	3.000 euros	48 hs	12 hs

<sup>2</sup> Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente.

Para a valoración das ofertas, no caso do prezo unitario, calcularase segundo a seguinte fórmula:  $P_{Unitario} = P_{BOE\text{usuario}\text{final}} \pm A$ .

O  $P_{BOE\text{usuario}\text{final}}$  será o vixente na data de publicación do presente PCAP: BOE 17 de maio de 2021, 61,3963 c €/Kg (0,613963 €/Kg) e A o recargo ou a redución ofertado polo licitador:

LICITADORES	PREZO UNITARIO
REPSOL BUTANO, S.A.	0,432963 €/Kg
VITOGAS ESPAÑA,SA	0,688963 €/Kg

Cómpre ter en conta que a licitadora Repsol ofertou un importe de cero euros, no criterio de oferta económica para labores de mantemento e subministro de elementos accesorios. Conforme o disposto no Cadro Resumo do PCAP, neste caso, para avaliar a puntuación do resto de ofertas de forma proporcional, equipararase á mellor oferta coa máxima puntuación, introducándose o factor de corrección na fórmula equiparando a oferta a 0,000001.

Polo que a puntuación é a seguinte:

LICITADORES	Puntuación RECARGO/REDUCCIÓN SUBMINISTRACION GAS	Puntuación Oferta mantemento (sen impuestos)	Puntuación Tempo de entrega xeral	Puntuación Tempo de entrega urxente	Puntuación total
REPSOL BUTANO S.A.	80	10,0000000000	0	5	95,00
VITOGAS ESPAÑA, S.A.	50,27	0,0000000033	0	5	55,27

A continuación realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado o seguinte:

Calcularanse conforme o disposto na cláusula 13 do presente prego, coas seguintes especificacións:



Os prezos unitarios por subministración de gas propano ofertados polos licitadores, serán os que sirvan de referencia para o cálculo de ofertas anormalmente baixas, no caso de que presente oferta máis de un licitador. O prezo unitario calcularase segundo a fórmula  $P_{Unitario} = P_{BOE\text{Eusuariofinal}} \pm A$ .

En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

“(…)

2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta”.

Considérase que, en principio, é desproporcionada ou anormal a oferta presentada por Repsol Butano, S.A. por ser inferior nun 37,16% á outra oferta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade adoptar o seguinte acordo:

Conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, ao licitador Repsol Butano, S.A.”

Acta da Mesa de contratación de data 28 de xuño, con CSV IV7E5T2ZLIN2YSF3WMGB6NSE6M, que acorda:

“Con data 15 de xuño de 2021 deuse traslado á empresa Repsol Butano, S.A. do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. A empresa presentou xustificación de oferta anormalmente baixa con data 18 de xuño de 2021, en prazo.

O Servizo de Benestar Social e Igualdade emitiu informe, con CSV IV7E47L63JU4QSXTAI5SOQDBA4, que conclúe:

“Considerase que a información achegada explica satisfactoriamente o baixo nivel do custo proposto por Repsol Butano, S.A. e que, por tanto, a oferta pódese cumprir sen rebaixar a calidade da prestación dos subministros e das tarefas de mantemento solicitados nos pregos.”

A Mesa acorda facer seu o informe do Servizo de Benestar social e igualdade e aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	REPSOL BUTANO S.A.	95,00
2	VITOGAS ESPAÑA, S.A.	55,27

Requirir á empresa Repsol Butano S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 5.461,26 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.”

Reunida a Mesa de Contratación na data de hoxe, 20 de xullo de 2021, aos efectos de



examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, acorda o seguinte:

A licitadora mellor valorada, Repsol Butano S.A., presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida.

A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación, entendendo que está presentada correctamente segundo o recollido no art. 150.2 LCSP e na cláusula décimo sétima do PCAP. Incorporáanse ao expediente certificado de depósito de contas de 2018 e certificado de traballos realizados emitido pola empresa Areas S.A., pertencentes ao expediente 2020/CON\_01/000014 desta Deputación.

Aos membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra, polo que ao non facer observación algunha, enténdese correctamente presentada.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Repsol Butano S.A., con CIF A28076420, a contratación da subministración de gas propano con destino aos centros de atención a persoas maiores da Deputación de Lugo, durante nove meses, por un importe máximo de 109.225,13 € euros, aos que haberá que engadir 22.937,28 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 132.162,41 € euros.

Aplicarase unha redución de -0,181 euros/Kg sobre os prezos de venta publicados no BOE e establecidos polas resolucións da Dirección Xeral de Política Enerxética e minas para os gases licuados do petróleo por canalización para o termo variable do subministro de gases licuados por petróleo por canalización a usuarios finais que se atopen en vigor na data de publicación dos pregos (para a emisión das facturas o que se atope en vigor ao tempo de realizar o subministro).

Para o mantemento e subministración de accesorios ao longo de todo o contrato, o importe será 0 euros. O tempo de entrega xeral do gas propano será de 48 horas e o tempo de entrega urxente será de 12 horas.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a proposta da mesa, e dado que a contratación conleva dúas prestacións, por unha lado unha subministración e por outro unha prestación accesoria (mantemento), á cal a empresa adxudicataria ofertou cero, e de acordo co prego, a administración contratante non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento base de licitación, quedando limitado ó gasto real. Polo que o contrato debe adxudicarse polo importe global, neste caso excluindo a prestación ofertada a importe cero, sendo polo tanto o prezo de adxudicación por importe máximo de 104.310,00 € (orzamento base de licitación sen o importe correspondente ao mantemento), aos que haberá que engadir 21.905,10 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 126.215,10 €.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Repsol Butano S.A., con CIF A28076420, a contratación da subministración de gas propano con destino aos centros de atención a persoas maiores da Deputación de Lugo, durante nove meses, por un importe máximo de 104.310,00 €, aos que haberá que engadir 21.905,10 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 126.215,10 €.



Aplicarase unha redución de -0,181 euros/Kg sobre os prezos de venta publicados no BOE e establecidos polas resolucións da Dirección Xeral de Política Enerxética e minas para os gases licuados do petróleo por canalización para o termo variable do subministro de gases licuados por petróleo por canalización a usuarios finais que se atopen en vigor na data de publicación dos pregos (para a emisión das facturas o que se atope en vigor ao tempo de realizar o subministro).

Para o mantemento e subministración de accesorios ao longo de todo o contrato, o importe será 0 euros. O tempo de entrega xeral do gas propano será de 48 horas e o tempo de entrega urxente será de 12 horas.

2º.- En atención o prazo de duración dos convenios cos Concellos, a duración do contrato será de nove meses, sendo a data prevista de inicio o 1 de setembro de 2021 e a data de finalización o 31 de maio de 2022, con posibilidade de prórroga de outros 9 meses.

3º.- O importe do contrato ascende a 126.215,10 €, IVE engadido, e finánciase de acordo as seguintes anualidades:

GAS RESIDENCIAS 9 MESES (INICIO 01/09/21)						
CENTRO	APLICACIÓN	TOTAL CONT.	2021	D/21	2022	D/22
CAM TRABADA	2315.22102	16.552,80	7.356,80	92021/6077	9.196,00	920219/254
CAM POL	2315.22102	17.587,35	7.816,60	92021/6078	9.770,75	920219/255
CAM A FONSA BRADA	2315.22102	19.656,45	8.736,20	92021/6079	10.920,25	920219/256
CAM PEDRAFITA	2315.22102	19.656,45	8.736,20	92021/6080	10.920,25	920219/257
CAM CATROVERDE	2315.22102	17.587,35	7.816,60	92021/6081	9.770,75	920219/258
CAM NAVIA	2315.22102	17.587,35	7.816,60	92021/6082	9.770,75	920219/259
CAM RIBAS DE SIL	2315.22102	17.587,35	7.816,60	92021/6083	9.770,75	920219/260
SUMA		126.215,10	56.095,60		70.119,50	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 56.095,60 €, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA DE LUGO CO DEPORTE OU CALQUERA OUTRA MARCA/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO/PROVINCIA DE LUGO.CD LUGO SAD. DISCIPLINA: FÚTBOL. ANUALIDADE 2021.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 16 de xullo de 2021, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

Solicitude de consignación orzamentaria, con CSV: IV7H6HLLNNFTJORZ5QAWEBFAFAQ.





Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7H6HJ7CD6MWVGI7TQDCYSVAQ.

Informe relativo á valoración das prestacións, con CSV: IV7GE2S4CFBLV6V73UHAG7ZXIU.

Informe da necesidade da contratación, con CSV: IV7HGXSPKEHL3CX5QPVBCRBPEQ.

Informe xustificativo da non división en lotes, con CSV: IV7HGXSPDZMZ3CJZYIHBN5HXLY.

Informe sobre a desagregación do orzamento base de licitación, con CSV: IV7HGXSMJIE47JB76TVTOZCEF4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EVWBIN45OVLHZCA7DMIXD4E.

Informe sobre a forma de pago e a garantía definitiva, con CSV: IV7EUOQPN55JZLXOAHWEERKF4Q.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EVWBZ3NNCLGM46QVU4I76GU.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVWBTLP4OVLVDCYWHGE3BAU.

Fiscalización limitada previa, con CSV: IV7EVWSTBN5Y6XZZW5HQOH2E4Q.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EVWQDPH7KJRPY244TCUBPDY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 14 de maio de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EW6XIDQ53JVJCQNFVM7SCAI.

Acta da Mesa de Contratación do día 2 de xuño de 2021, con CSV IV7EQOJDZFBVLRH66A5SIBYH4Y que recolle o seguinte:

“En primeiro lugar procédese á apertura do sobre A presentado pola única empresa convidada ao presente procedemento, resultando que o Anexo I preséntase debidamente cumprimentado e asinado dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acto seguido procédese ao exame do sobre B, relativo á fase 1 do procedemento, que contén o modelo de proposición económica. Considerando que a empresa Club Deportivo Lugo

SAD, se compromete á realización do obxecto do contrato polo tipo de licitación, polo que de acordo co recollido no PCAP, a mesa de contratación acorda outorgarlle 0 puntos nesta fase 1. Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da plataforma de contratos do sector público.

Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, a documentación obxecto de negociación.”

Acta da Mesa de Contratación do día 14 de xuño de 2021, con CSV IV7ETWP2PQEDRDVM2QASM5ZPGI, que recolle o seguinte:

“Acto seguido procédese a informar que o licitador CD Lugo SAD presentou en prazo a oferta atendendo aos seguintes criterios de negociación e resultando da súa apertura o que se indica a continuación:

Oferta 200 entradas na bancada do fondo sur, polo que obtén 20 puntos neste criterio.

Oferta dúas actividades de interese social (unha campaña de reciclaxe e unha campaña fronte incendios forestais) polo que obtén 10 puntos neste criterio.

Tendo en conta que na fase de adxudicación a empresa obtivera 0 puntos, e sumada a puntuación acadada na fase de negociación resultan un total de 30 puntos.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:



ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CD LUGO SAD	Fase I +Fase II : 0 puntos+30 puntos=30 puntos

Requirir á empresa CD Lugo SAD, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
305.000,00 euros	15.250,00 euros

Celebrada sesión da mesa de contratación no día de hoxe, visto que a empresa presentou a documentación requirida en tempo e forma, acórdase dar por atendido o requirimento.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Adxudicar ao CD Lugo SAD a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. CD Lugo SAD. Disciplina: fútbol. Anualidade 2021. 2021/CON\_02/0000031, por un importe de 305.000,00 €, aos que habería que engadir 64.050,00 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 369.050,00 €.

O adxudicatario comprométese a ceder, para o acceso aos partidos a disputar polo CD Lugo como local durante o período de duración do contrato 200 entradas totais na bancada de fondo sur e realizar dúas actividades de interese social (unha campaña de reciclaxe e unha campaña fronte incendios forestais).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Clasificar á única empresa concorrente como segue:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CD LUGO SAD	Fase I +Fase II : 0 puntos+30 puntos=30 puntos

**2º.-** Adxudicar ao CB Lugo SAD a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. CB Lugo SAD. Disciplina: Fútbol. Anualidade 2021. 2021/CON\_02/0000031, por un importe de 305.000,00 €, aos que habería que engadir 64.050,00 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 369.050,00 €.

O adxudicatario comprométese a ceder, para o acceso aos partidos a disputar polo CB Lugo SAD durante o período de duración do contrato 200 entradas totais na bancada de fondo sur e realizar dúas actividades de interese social (unha campaña de reciclaxe e unha campaña fronte incendios forestais).

**3º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA DE LUGO CO DEPORTE OU CALQUERA OUTRA MARCA/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO/PROVINCIA DE LUGO.CD BREOGÁN SAD. DISCIPLINA: BALONCESTO. ANUALIDADE 2021.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 16 de xullo de 2021, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV7H6HLKHAOKJFFDVVVH4I3QIQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7H6HJ2HVXLZ5MMQL7T4FDPM4.

Informe relativo á valoración das prestacións, con CSV: IV7GE2S4CFBLV6V73UHAG7ZXIU.

Informe da necesidade da contratación, con CSV: IV7HGXRIZIRO7CFCY5XRF3TH6Y

Informe xustificativo da non división en lotes, con CSV: IV7HGXROZRH7V3NIXR6QK5KWG4.

Informe sobre a desagregación do orzamento base de licitación, con CSV: IV7HGXRPLYZIVG4OUBNEMD2S74.

Informe sobre a forma de pago e a garantía definitiva, con CSV: IV7EUOQPN55JZLXOAHWEERKF4Q.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EVWBKZ4FZTSRNCX6TORDS4E.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EVWB3PPWSRWOK2I4AGZPWCU.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVWAIPMOIRVNOXUX5KICCHY.

Fiscalización limitada previa, con CSV: IV7EVXZSKE6ITWRJUUYM64S64Y.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EVXYSNIED7H6Z7VYMCH7BEY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 14 de maio de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EW6XLMENTZTO34T7RMLYF4E.

Acta da Mesa de Contratación do día 2 de xuño de 2021, con CSV IV7EQODYZX5PZTHT2UHMICYHEN4 que recolle o seguinte:

“En primeiro lugar procédese á apertura do sobre A presentado pola única empresa convidada ao presente procedemento, resultando que o Anexo I preséntase debidamente cumprimentado e asinado dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acto seguido procédese ao exame do sobre B, relativo á fase 1 do procedemento, que contén o modelo de proposición económica. Considerando que a empresa Club Deportivo Breogán SAD, se compromete á realización do obxecto do contrato polo tipo de licitación, polo que de acordo co recollido no PCAP, a mesa de contratación acorda outorgarlle 0 puntos nesta fase 1. Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da plataforma de contratos do sector público.

Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, a documentación obxecto de negociación.”



Acta da Mesa de Contratación do día 14 de xuño de 2021, con CSV IV7ETS7MHJUYZOVIIYTWALZXQIY, que recolle o seguinte:

“Acto seguido procédese a informar que o licitador CD Breogán SAD presentou en prazo a oferta atendendo aos seguintes criterios de negociación e resultando da súa apertura o que se indica a continuación:

Oferta 10 entradas VIP, polo que obtén 5 puntos neste criterio.

Oferta dúas actividades de interese social, polo que obtén 20 puntos neste criterio.

Tendo en conta que na fase de adjudicación a empresa obtivera 0 puntos, e sumada a puntuación acadada na fase de negociación resultan un total de 25 puntos.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CD BREOGÁN SAD	Fase I +Fase II : 0 puntos+25 puntos=25 puntos

Requirir á empresa CD Breogán SAD, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o

requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
305.000,00 euros	15.250,00 euros

Celebrada sesión da mesa de contratación no día de hoxe, visto que a empresa presentou a documentación requirida en tempo e forma, acórdase dar por atendido o requirimento.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Adxudicar ao CB Breogán SAD a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. CB Breogán SAD. Disciplina: Baloncesto. Anualidade 2021. 2021/CON\_02/0000032, por un importe de 305.000,00 €, aos que habería que engadir 64.050,00 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 369.050,00 €.

O adxudicatario comprométese a ceder, para o acceso aos partidos a disputar polo CB Breogán SAD durante o período de duración do contrato 10 entradas VIP e realizar dúas actividades de interese social (unha campaña ligada con organismos, agrupacións, asociacións, etc que desenvolvan a súa actividade con drogodependentes e outra con persoas con capacidades diferentes).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:





1º.- Clasificar á única empresa concorrente como segue:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CD BREOGÁN SAD	Fase I +Fase II : 0 puntos+25 puntos=25 puntos

2º.-Adxudicar ao CB Breogán SAD a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. CB Breogán SAD. Disciplina: Baloncesto. Anualidade 2021. 2021/CON\_02/0000032, por un importe de 305.000,00 €, aos que habería que engadir 64.050,00 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 369.050,00 €.

O adxudicatario comprométese a ceder, para o acceso aos partidos a disputar polo CB Breogán SAD durante o período de duración do contrato 10 entradas VIP e realizar dúas actividades de interese social (unha campaña ligada con organismos, agrupacións, asociacións, etc que desenvolvan a súa actividade con drogodependentes e outra con persoas con capacidades diferentes).

3º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.-Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓNS DOS CAMIÓN, VEHÍCULOS ESPECIAIS E MAQUINARIA DO PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 12 de xullo de 2021, que textualmente di:

“Acta da mesa de contratación do día 12 de xullo do 2021

Presidente: D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor técnico do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.

Secretaria da Mesa: Dna. Margarita Tarrío Álvarez, Xefa de Sección de Contratación do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

Dna. María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

D. José Antonio Castro Liz, Xefe de Sección I de Xestión de Orzamentos, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo.

Dna. María Ángeles Rivas Vázquez, Xefa do Servizo de Contabilidade e Contas, en substitución do Letrado Asesor especialista en consultivo-contratación.

D. Manuel Pillado Rego, Xefe do Parque Móbil en funcións.

Asiste D. Óscar Poy Franco, en representación do grupo Provincial do PP, con voz e sen voto.

Pola Presidencia dáse conta que no servizo de contratación na data de hoxe, e con carácter previo á constitución da mesa, que de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do sobre A de documentación administrativa da única empresa presentada, téndose comprobado con carácter previo que a



proposición fora presentada en prazo, verificouse que a documentación administrativa presentada pola empresa Pereira Electricidad Automóvil S.L.U. se axusta aos requisitos mínimos esixidos no PCAP.

Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado éste, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- sendo as 10 horas e 26 minutos do día 12 de xullo de 2021, baixo a Presidencia de D. Pablo Seoane Cancelo, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, na data do 07 de xullo do 2021.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación dos servizos de mantemento e reparacións dos camións, vehículos especiais e maquinaria do parque móbil provincial 2021/CON\_02/0000051

Apertura e cualificación administrativa.

Apertura criterios avaliados automaticamente.

Valoración criterios avaliados automaticamente.

Mellor valorado. Requirimento de documentación.

Tendo en conta que a única empresa concorrente presenta a súa proposta dentro do prazo outorgado a tales efectos, procédese a admitir a oferta presentada.

Acto seguido procédese ao exame e calificación do sobre electrónico A, documentación administrativa, resultando que a empresa empresa Pereira Electricidad Automóvil S.L.U., presenta o Anexo I debidamente cumprimentado e asinado.

A continuación procédese á apertura pública do sobre B presentado, resultando que a empresa Pereira Electricidad Automóvil S.L.U., non especifica a ferramenta de valoración que

aporta e non achega as tarifas sobre as que se aplicaría o desconto ofertado. Considerando que no prego de cláusulas administrativas se recolle textualmente que “Non se considerará subsanable, e polo tanto serán excluídas da licitación as empresas que non especifiquen a ferramenta de valoración que aportan e as ofertas que non acheguen as tarifas oficiais do fabricante dos pneumáticos) xunto coa súa oferta.”, a mesa de contratación acorda, elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Excluír a proposta presentada pola empresa Pereira Electricidad Automóvil S.L.U., para a contratación dos servizos de mantemento e reparación dos camións, vehículos especiais e maquinaria do Parque Móbil Provincial 2021/CON\_02/0000051, posto que a única empresa concorrente non especifica a ferramenta de valoración que oferta e non achega as tarifas sobre as que se aplicaría o desconto ofertado.

Declarar deserta a contratación dos servizos de mantemento e reparación dos camións, vehículos especiais e maquinaria do Parque Móbil Provincial 2021/CON\_02/0000051, por non presentarse ningunha oferta admisible.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Excluír a proposta presentada pola empresa Pereira Electricidad Automóvil S.L.U., para a contratación dos servizos de mantemento e reparación dos camións, vehículos especiais e maquinaria do Parque Móbil Provincial 2021/CON\_02/0000051, posto que a única empresa concorrente non especifica a ferramenta de valoración que oferta e non achega as tarifas sobre as que se aplicaría o desconto ofertado.

**2º.-** Declarar deserta a contratación dos servizos de mantemento e reparación dos camións, vehículos especiais e maquinaria do Parque Móbil Provincial 2021/CON\_02/0000051, por non presentarse ningunha oferta admisible.

**3º.-** Iniciar un novo o procedemento de contratación dos servizos de mantemento e reparación dos camións, vehículos especiais e maquinaria do Parque Móbil Provincial.



4º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Proposta de aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para a achega do medio propio "Empresa de Transformación Agraria S.A, SME, MP (TRAGSA)" para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Pol.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento respecto da proposta de convenio formulada a pedimento do concello de Pol para a formalización dun convenio de cooperación que permita a achega do medio propio TRAGSA en garantía do mantemento do servizo público e as súas instalacións en condicións de salubridade sen interrupción da prestación de servizos á cidadanía.

Considerando a urxencia na subscrición do convenio que non admite demora por canto serve a correcta prestación de servizos públicos municipais en o marco de competencias concorrentes, considerando o disposto no art. 10 da Lei 40/2015 que establece a posibilidade dos órganos administrativos de avocar para si o coñecemento de un asunto cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente e en o mesmo sentido segundo o previsto no Regulamento Orgánico desta Deputación de Lugo (BOP

10/03/2011) segundo o seu artigo 59. c), avócase para esta presidencia a competencia que lle corresponde de modo orixinario de acordo coas previsións da LBRL.

A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Publico ( LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

Polo que se refire o encargo ao medio propio instrumental, a Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP.

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No mesmo sentido, os Estatutos Sociais de TRAGSA prevén especificamente no Artigo 2, a realización entre outras as seguintes tarefas:

“j) A realización de tarefas para as que se lle requira pola vía de urxencia ou de emerxencia, ou actividades complementarias ou accesorias ás citadas anteriormente.



Engaden os estatutos que en relación con calquera obra ou servizo, se considerará a vía de urxencia, independentemente do seu ámbito territorial ou da tipoloxía da actuación, nos seguintes supostos:

Procedementos de licitación que quedasen desertos, por non terse presentado ningunha oferta ou por ser irregulares as presentadas”

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución destes traballos e constatado que existen títulos competenciais para articular e ordenar unha cooperación administrativa, reforzada pola necesidade de dar unha resposta áxil a unha necesidade que se debe afrontar con urxencia, segundo a motivación incorporada ao expediente, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Considerar que se cumpren os requisitos esixidos na normativa vixente respecto dos encargos a medios propios, de acordo co establecido no art. 32 e apartado 4j) da disposición adicional 24 da LCSP, polas consideracións expostas polo Concello respecto a necesidade de cooperación que permita a actuación inmediata e a prestación en óptimas condicións do servizo de axuda a domicilio, que ten que seguir prestándose por ser un servizo esencial e fundamental.

**2º.-** Apreciar que concorren as razóns de urxencia que expresa o Concello a través do escrito da Alcaldía (Cod. Validación: 94DPF6AWH3RPTDGH3G3THANKC| Corrección: <https://concellopol.sedelectronica.gal/>), para a realización por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación, das actuacións necesarias descritas no convenio de cooperación e os seus anexos que non poden ser atendidas de forma inmediata, nin máis eficaz por procedementos ordinarios ou extraordinarios de contratación.

**3º.-** Considerar que concorren razóns de excepcionalidade e singularidade para a realización destas actividades, pois a utilización da alternativa contractual impediría a resolución das necesidades que afectan o interese xeral.

**4º.-** TRAGSA acredita con carácter previo ao comezo da execución do encargo, que conta cos medios persoais e materiais suficientes para a correcta realización do mesmo.

**5º.-** No caso de que TRAGSA tivese necesidade de dispoñer de medios persoais complementarios ou acudir á subcontratación, deberá de axustarse na súa selección á lexislación vixente.

**6º.-** Calquera modificación ou actualización das tarifas de TRAGSA serán asumidas polo Concello de Pol.

**7º.-** Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Pol nos termos do borrador que consta no expediente, e nos termos da memoria incorporada ao expediente como Anexo ao convenio (Cod. Validación: 6TD2D9S6Y4WSQZCQJYRZ4YPWZ | Corrección: <https://concellopol.sedelectronica.gal/>).

**8º.-** De acordo con o anterior, encomendar a TRAGSA como medio propio, a inmediata execución das prestacións, por importe de 227.305,13 euros, de acordo co establecido no convenio, e documentación técnica anexa ao expediente, formalizando o correspondente documento de encarga, fixando como prazo de duración do encargo un máximo de 6 meses prorrogables mensualmente ata un máximo de 6 meses mais.

**9º.-** A empresa pública TRAGSA encargarse de realizar as seguintes tarefas:

Executar os traballos derivados deste encargo a medio propio con suxeición á documentación técnica que obra no expediente correspondente, achegando os medios que resulten necesarios.

Proporcionar ao Concello de Pol e á Deputación Provincial información periódica sobre os avances das diferentes actuacións e os posibles obstáculos do obxecto do encargo, así como canta información solicíteselle sobre a realización dos traballos.

Proporcionar os medios materiais que sexan necesarios ao persoal que execute materialmente a prestación. O persoal dependerá exclusivamente da empresa TRAGSA, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador.





**10º.-** Publicar, de conformidade co art. 32.6 apartado b da LCSP, o documento de encarga na Plataforma de Contratación.

**11º.-** Todos os gastos que se deriven do presente convenio serán abonados polo Concello de Pol, de acordo co clausulado do convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta de aprobación, se procede, da addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños de Carreirachá, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Instalación de abastecemento de auga potable para 6 vivendas en el lugar de Carreirachá”, na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP: 2021/XEN\_01/002709) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000,00€, a favor da entidade Asociación de Veciños de Carreiracha, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Instalación de abastecimiento de agua potable para 6

viviendas en el lugar de Carreiracha”, subvención incluída na Liña 1.2 - Infraestruturas e servizos, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

Aprobar o gasto de 15.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4590.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Veciños de Carreiracha, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Instalación de abastecimento de auga potable para 6 vivendas en el lugar de Carreiracha”.

Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños de Carreirachá, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Instalación de abastecimento de auga potable para 6 vivendas en el Lugar de Carreirachá”, na anualidade 2020, formalizouse o 30 de decembro de 2020.

Terceiro.- O 19 de xullo de 2021, o representante da Asociación de Veciños de Carreiracha remitiu un escrito á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, (2021RT011455) no que literalmente se recolle o seguinte:

“(…) D. Pablo González Lastra, provisto con D.N.I. \*\*\*4522\*\*, Presidente da Asociación de Veciños da Carreirachá con C.I.F. G27513465 con domicilio a efectos de notificación en Lugar Carreirachá, 4 – Vilaformán (Trabada) solicita a ampliación de prazo de xustificación ata o 31 de agosto de 2021 da subvención concedida, debido a motivos burocráticos alleos á asociación que impiden a xustificación en prazo.”

Cuarto.- O que se pretende é a modificación da cláusula sétima (concretamente do apartado “Xustificación e aboamento da subvención”) do citado convenio de referencia, asinado o 30 de decembro de 2020, que quedaría redactada da seguinte forma:



“Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 30 da mesma Lei, así como nos artigos 69 e 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, relativas á xustificación das subvencións públicas, nos artigos 19 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES e na Base 24ª de execución do Orzamento xeral vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 31 de agosto de 2021, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación nesta prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”

(...)”

Consideracións Xurídico- Administrativas:

Na cláusula Décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños de Carreirachá, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Instalación de abastecemento de auga potable para 6 vivendas en el Lugar de Carreirachá”, na anualidade 2020, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta

xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización -será o 31 de xaneiro de 2022, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.”

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños de Carreirachá, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Instalación de abastecemento de auga potable para 6 vivendas en el Lugar de Carreirachá”, na anualidade 2020, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

## Conclusiones



Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta de addenda ao convenio é axustada á dereito, infórmase favorablemente a devandita addenda no sentido indicado.

Propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima (concretamente o apartado “Xustificación e aboamento da subvención”) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños de Carreirachá, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Instalación de abastecemento de auga potable para 6 vivendas en el Lugar de Carreirachá”, na anualidade 2020 formalizado o 30 de decembro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Proposta para aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a execución dos fins comúns consistentes na redacción do proxecto para a construción dun polígono industrial no municipio de A Fonsagrada, ano 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“En relación ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a execución dos fins comúns consistentes na redacción do proxecto para a construción dun polígono industrial no municipio de A Fonsagrada, ano 2021, por importe de 35.750,00 € (que serán a cargo da Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o presente informe:

Antecedentes de feito:

O 9 de xullo de 2020 formalizouse o Protocolo de actuación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a construción dun área industrial en A Fonsagrada.

Conta escrito, de data 14 de xullo de 2021, do alcalde do Concello de A Fonsagrada no que se solicita a formalización dun convenio de cooperación para sufragar os gastos derivados da licitación da redacción do proxecto para a construción dun polígono industrial no municipio de A Fonsagrada, ano 2021.

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”



No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, as seguintes: “a) Coordinar los servicios municipales entre sí para garantizar la prestación integral y adecuada de servicios públicos en todo el territorio de la provincia, cooperando, especialmente, con los municipios de población inferior a 20.000 habitantes para garantizar su efectividad.b) Prestar asistencia y cooperación jurídica, económica y técnica a los municipios, especialmente a los que tengan menor capacidad económica y de gestión.c) Prestar los servicios públicos de carácter supramunicipal.d) En general, el fomento y la administración de los intereses peculiares de la provincia.”

A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualmente legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A





Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os

asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.



En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)

Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da

Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

#### Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Pola súa banda, o Municipio de A Fonsasgrada, consonte ao artigo 25 da LRBRL: “Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia), reforzada pola necesidade de dar unha resposta áxil a unha necesidade.



O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre sí dalguna das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 35.750,00 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 no vixente orzamento xeral.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) e no establecido na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2021, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe de xeito individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

Por todo o exposto se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se aprobe o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a execución dos fins comúns consistentes na redacción do proxecto para a construción dun polígono industrial no municipio de A Fonsagrada” ano 2021, e o gasto por importe de 35.750,00 € .”.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a execución dos fins comúns consistentes na redacción do proxecto para a construción dun polígono industrial no municipio de A Fonsagrada” ano 2021, por importe de 35.750,00 €.

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 35.750,00€ con cargo as aplicacións orzamentarias 9430.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Exposición de motivos.

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable á concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” ano 2021 para sufragar gastos derivados de investimentos/equipamentos (inversións) coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Estas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para entidades asociativas (asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes, asociacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais, e agrupacións de veciños da provincia de Lugo) para a realización de investimentos en inmobles de uso comunitario ou para equipamentos teñen como obxectivo fomentar actividades económicas, mellorar a produtividade e o emprendemento nos núcleos de poboación e na súa contorna, favorecendo espazos de intervención comunitaria autoxestionados coa participación directa dos afectados e ao mesmo tempo favorecer a implantación e mellora de servizos básicos a nivel local, facilitando a decantación dunha conciencia emprendedora, tanto nas iniciativas económicas individuais como na autorresponsabilidade colectiva para a autoestima necesaria que contribúa a fixar poboación no medio rural.

Así, as Administracións Públicas, entre elas a Deputación Provincial, deben converterse no motor que lidere e dinamice os sectores produtivos da nosa provincia, favorecendo así o benestar dos cidadáns e poñendo todos os recursos dispoñibles para dinamizar a economía da provincia.

Polo exposto, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local pon en marcha o programa: Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021

Marco normativo.

O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece no seu artigo 9.2) que “con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta Lei”.

O título preliminar da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece os principios reitores de xestión das subvencións e a aprobación e contido das súas bases reguladoras. Así mesmo, no citado título preliminar faise constar que a enumeración dos extremos recollidos nas bases reguladoras responde ao feito de que estas son o elemento definatorio básico da relación entre a administración xestora e o beneficiario da subvención.

En concreto este texto legal refírese ás citadas bases como o mecanismo preciso para procurar o pleno coñecemento dos dereitos e deberes por parte dos beneficiarios, ao tempo que lles permite instaurar unha relación coa administración baseada na seguridade xurídica.

Do mesmo xeito, o artigo 6.2), da devandita Lei, prevé que “con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos desta Lei”.

A Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 29 de decembro de 2020 e publicada no BOP nº 82 do 13 de abril de 2021, recolle no se artigo 18. Iniciación que indica “1. O procedemento para a concesión iniciarase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente.





A convocatoria deberá publicarse na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede electrónica. Así mesmo poderase realizar unha publicación adicional na forma e polos medios que se establezan polo órgano competente para realizar a convocatoria”.

Proposta de acordo

Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría Xeral onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, o Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos propón que pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases da convocatoria, modelos de solicitude e de conta xustificativa, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, recollido na liña 8.1 do vixente Plan Estratéxico de Subvencións (2020-2022).

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe de trescentos mil euros (300.000 euros) con cargo a aplicación orzamentaria 4590.789.

**3º.-** Que se proceda á convocatoria na forma regulamentariamente prevista coa súa publicación na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede Electrónica.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.**

*Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido polo importe de 4.568,00 euros.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº FRA	DATA FRA	IMPORTE	OBXECTO GASTO	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZ.	CONCEPTO/ADO
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041068037	31/05/2020	497,07	Subm. 1.580kgs emulsión asfáltica para reparación de vías. FAC-01/001060	SUBM.	MAIO 2020	9201.210 92021/16
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041071893	30/06/2020	2.504,22	Subm. 7.960kgs emulsión asfáltica para reparación de vías. FAC-01/001797	SUBM.	XUÑO 2020	9201.210 92021/29
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041071894	30/06/2020	1.566,71	Subm. 4.980kgs emulsión asfáltica para reparación de vías. FAC-01/001803	SUBM.	XUÑO 2020	9201.210 92021/39

Total: 4.568,00

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento

Visto/s informe/s de Intervención

Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 11/05/2021 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe



de 4.568,00 segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propondo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 4.568,00 €.

ACREEDOR	Nº FRA	DATA FRA	IMPORTE	OBXECTO GASTO	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZ.	CONCEPTO/ADO
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041068037	31/05/2020	497,07	Subm. 1.580kgs emulsión asfáltica para reparación de vías. FAC-01/001060	SUBM.	MAIO 2020	9201.210 92021/16
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041071893	30/06/2020	2.504,22	Subm. 7.960kgs emulsión asfáltica para reparación de vías. FAC-01/001797	SUBM.	XUÑO 2020	9201.210 92021/29
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041071894	30/06/2020	1.566,71	Subm. 4.980kgs emulsión asfáltica para reparación de vías. FAC-01/001803	SUBM.	XUÑO 2020	9201.210 92021/39

Total: 4.568,00”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDIMENTO PARA O ALLEAMENTO DE PARCELAS DE SOLO INDUSTRIAL, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, MEDIANTE POXA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo , en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.

A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020.”

A extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, acordada polo Pleno da Deputación Provincial, en Sesión Extraordinaria, celebrada en data de 30 de novembro de 2020, mediante a cesión de activo e pasivo, consonte o artigo 83 da Lei 3/20019, de 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís implica a subrogación da Deputación Provincial de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas das que esta era titular.

De acordo, co exposto, a Deputación Provincial realiza este procedemento de alleamento de parcelas no Polígono Industrial do Concello de Castroverde e no Polígono Industrial “Os Acivros” do Concello de Chantada, dando cumprimento ao acordo adoptado polo Pleno desta corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte, e promovendo, así, o desenvolvemento económico da provincia a través dun concepto vertebrador de estruturas produtivas e ,deste modo, potenciando a implantación de novas actividades económicas neste termo municipal.

Con dita finalidade o procedemento será de concorrencia pública mediante a celebración de poxa publica e se levará a cabo por esta Deputación Provincial, para o que se redacta o prego reitor coas condicións xerais que servirán para a adxudicación das parcelas.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola Secretaría Xeral Adxunta, con CSV, IV7EYP3LAAV5J2JPUBMUHYDFAA, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de diversas parcelas de solo urbano de uso industrial, mediante a celebración de poxa pública.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública de alleamento mediante a celebración dunha poxa e a súa adxudicación.



3º.- Proceder á publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS TARIFAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE RIXEN PARA A MATRÍCULA E PARA REPETIDORES DOS CICLOS DE GRADO SUPERIOR DE PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS E DE REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Visto o informe da interventora xeral

Logo de ver o informe asinado pola Xefa de Servizo de Audiovisuais e do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, emítese o seguinte informe:

O mencionado Informe fai mención a:

“... As matrículas dos Ciclos Formativos de Grado Superior impartidos polo Servizo, dende o ano 2007, son totalmente gratuítas, agás os repetidores, a fin de que calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten. Buscando o interese por parte do alumnado no aproveitamento dos coñecementos que se imparte de forma gratuíta, na sesión do Padroado celebrado o día 19 de novembro de 2012 e publicado no BOP de Lugo de 4 de xullo de 2013, acórdase que os alumnos repetidores aboen unha matrícula de 600 €.

“Visto que os cursos dos Ciclos formativos impartidos por esta Fundación son gratuítos, a fin de calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten. Visto que a postura adoptada pola Fundación sobre a mencionada gratuidade ten que ter correspondencia por parte de alumno o seu interese no aproveitamento dos coñecementos que se imparten, pola Dirección da Fundación proponse que se adopte acordo no sentido de que aos que teñan que repetir curso se lles cobre unha matrícula, máis ben de carácter simbólico, de 600 €. O Padroado , co voto a favor de todos os membros asistentes, acordou prestar aprobación á proposta da que xa deixa feito méritos.”

É todo en canto proceder a informar, sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Producción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo. ...”

A proposta é relativa á gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente. Do estudo do expediente non se aprecia a existencia de actos que recoñezan obrigas de contido económico polo que o expediente non está sometido a fiscalización previa.

En canto aos ingresos que puidesen xurdir no futuro, non procede a fiscalización previa de dereitos que é substituída pola toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría segundo a regulación da base 36 de execución do orzamento.

Segundo os antecedentes que obran nesta Intervención o Padroado da extinta Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) aprobou en sesión celebrada o día 19 de novembro de 2012 o importe da matrícula dos ciclos formativos da TIC (publicado no BOP nº 152, de 4 de xullo de 2013) e nos acordos do Pleno da Deputación de Lugo e da Fundación TIC no que se aprobaba a extinción da Fundación establecíase a sucesión universal de todas as obrigas, contratos, bens e dereitos da Fundación TIC, polo que se entende que as tarifas aprobadas son de aplicación, non obstante como xa se recomendou en pasados informes,



debería tramitarse expediente de importe de matrícula para a súa aprobación polos órganos competentes da Deputación de Lugo.

Vista a solicitude de aprobación da Xefa do Servizo.

Que a extinta Fundación TIC contaba cunha Escola de Imaxe e Son (CPRTIC) na que se impartían os ciclos formativos de grao superior de produción de audiovisuais e espectáculos e de realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través da Orde do 17 de decembro de 2003, publicada no DOGA do venres, 2 de xaneiro de 2004.

Coa subrogación da actividade e do persoal da Fundación TIC por parte da Deputación de Lugo, con efectos de 1 de xaneiro de 2019, creouse un novo servizo de Audiovisuais, no que se integrou a actividade e o persoal da extinta Fundación TIC cuxo obxectivo é servir de ferramenta para a formación, produción e promoción en materia audiovisual.

O procedemento de admisión do alumnado para os ciclos de grado superior é igual ao que se levaba a cabo na extinta Fundación TIC e tamén é igual ao da Xunta de Galicia.

As matrículas dos Ciclos Formativos de Grado Superior impartidos polo Servizo, dende o ano 2007, son totalmente gratuítas, agás os repetidores, a fin de que calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten.

Buscando o interese por parte do alumnado no aproveitamento dos coñecementos que se imparte de forma gratuíta, na sesión do Padroado celebrado o día 19 de novembro de 2012 e publicado no BOP de Lugo de 4 de xullo de 2013, acórdase que os alumnos repetidores aboan unha matrícula de 600 €.

“Visto que os cursos dos Ciclos formativos impartidos por esta Fundación son gratuítos, a fin de calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten.

Visto que a postura adoptada pola Fundación sobre a mencionada gratuidade ten que ter correspondencia por parte de alumno o seu interese no aproveitamento dos coñecementos que se imparten, pola Dirección da Fundación proponse que se adopte acordo no sentido de que aos que teñan que repetir curso se lles cobre unha matrícula, máis ben de carácter simbólico, de 600 €.

O Padroado, co voto a favor de todos os membros asistentes, acordou prestar aprobación á proposta da que xa deixa feito méritos

É todo en canto proceder a informar, sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Producción de Audiovisuaise espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo.

En consecuencia con todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a proposta relativa sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Producción de Audiovisuaise espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO SOBRE DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE NA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIAS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2019.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:





“Detectado erro material na denominación da actividade:

En relación cos expedientes dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta de Mesa Técnica, na sesión do día 11 de decembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 078, do xoves 04 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.

Onde dí,

“A Deputada Delegada que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Valoración:”

1.- Conceder as subvencións individualizadas que figuran na relación que se acompaña

N.º REXISTRO	ENTIDADE	CIF	DENOMINACIÓN ACTIVIDADE	IMPORTE
9.852	ASOC. CULTURAL FOLIADA DE BOSENDE	G27508878	OBRADOIRO DE TRAXES REXIONAIS E DE PANDEIRO	475,00

Debe dicir,

“A Deputada Delegada que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Valoración:”

1.- Conceder as subvencións individualizadas que figuran na relación que se acompaña

N.º REXISTRO	ENTIDADE	CIF	DENOMINACIÓN ACTIVIDADE	IMPORTE
9.852	ASOC. CULTURAL FOLIADA DE BOSENDE	G27508878	OBRADOIRO INICIACIÓN AO PANDEIRO	475,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2020.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 20 de novembro de 2020, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2020, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.199 do luns 31 de agosto de 2020, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

Categoría	Nome entidade	Nome actividade	Subvención
Actividade competitiva 2020	Club Ciclista Burela	Ciclismo	1277
Actividade competitiva 2020	Sociedade Deportiva Monterroso	Fútbol	3667

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL CONCEDIDA Á AGRUPACIÓN DEPORTIVA XUENIL MILAGROSA PARA EQUIPAMENTO RECINTO DE XOGO DE TENIS DE MESA, ANO 2020.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación co expediente de nº 2020/PES\_03/019762 de data 18/11/2020 presentado por Jose Manuel Abelairas Lavandeira, con \*\*\*5870\*\*, en nome e representación da entidade Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa, con RE na Deputación número 2020/PES\_03/019762 de data 18/11/2020 12:20:41, mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, para sufragar os gastos derivados de “Equipamento recinto de xogo de tenis de mesa”, emítese o seguinte,

Informe:

Por acordo de Xunta de Goberno de data 31-12-2020, a Deputación de Lugo concedeulle a Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 2.125,63 €, para sufragar gastos derivados da actuación “Equipamento recinto de xogo de tenis de mesa“.

Consta no expediente nº 2020/PES\_03/019762 aviso de recibo asinado polo beneficiario, de notificación do documento "Certificación xunta goberno 30-12-2020 a Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa de acordo de Xunta de Goberno de data 31 de decembro de 2020 de concesión

de subvención directa de carácter excepcional, por importe de 2.125,63 €, a favor da entidade Agrupación deportiva xuvenil Milagrosa para sufragar gastos derivados da actuación “Equipamento recinto de xogo de tenis de mesa”.

Consta así mesmo, aviso de recibo de data 26/01/2021 23:42 (Presidente, José Manuel Abelairas Lavandeira con DNI \*\*\*5870\*\*) e remisión a través de procedemento telemático-portasinasaturas do respectivo convenio para a súa sinatura e formalización.

Que o beneficiario non procedeu a sinatura do referido convenio da subvención excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Equipamento recinto de xogo de tenis de mesa” na anualidade 2020.

Que en data 03/02/2021 don José Manuel Abelairas, presidente da entidade beneficiaria remitiu correo electrónico ao servizo de Deportes que se incorpora ao expediente (remitido desde email comunicado polo beneficiario no trámite da solicitude) e no que manifesta que:

(...)

Después de consulta en mi gestoria y asesorarme correctamente, voy a rechazar firmar el documento enviado a mi firma, entiendo que un convenio entra dentro de lo que podemos llamar contrato, en el cual cada una de las partes tiene unas obligaciones, y nosotros el club al que represento no va a firmar un documento que no puede cumplir, sería un fraude y yo no estoy dispuesto a hacerlo ni solicitar que una empresa lo haga por mi, nosotros no tenemos la factura del material para el que pedíamos subvención del ejercicio 2020, por diversos motivos, que serían muy engorrosos de explicar, por ello como ese trámite es insalvable en el convenio que me enviaron, voy a desistir de firmarlo.

(...)

De no existir otra solución o la planteada en la que nos dejen hacer el gasto y su justificación con plazo de ese 31 de marzo que expira el de justificación de gasto y no estando en disposición de cometer ningún fraude desistiremos de firmar el convenio enviado.

Recibe un cordial saludo.



Que por Resolución de Presidencia de data 22/04/2020 acordouse aprobar:

(...)

3º. Aprobar que o Convenio Tipo aprobado, por resolución presidencial, para a tramitación da concesión das subvencións nominativas sirva de base para a elaboración das subvencións excepcionais na anualidade do 2020.

Que así mesmo, nos fundamentos de dereito da citada resolución, no seu punto cuarto, prevé:

(...)

A concesión das subvencións excepcionais para o ano 2020 canalizaranse a través do convenio tipo aprobado por resolución presidencial para a tramitación da concesión de subvencións nominativas para o ano 2020, convenio que cumpre co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.

Que o artigo artigo 16.1 e 28.1 da Lei Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establecen respectivamente que:

16.1. Se formalizará un convenio de colaboración entre el órgano administrativo concedente y la entidad colaboradora en el que se regularán las condiciones y obligaciones asumidas por ésta.

(...)

28.1 La resolución de concesión y, en su caso, los convenios a través de los cuales se canalicen estas subvenciones establecerán las condiciones y compromisos aplicables de conformidad con lo dispuesto en esta ley.

Que así mesmo, a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo de aplicación ao presente caso (BOP nº 53, de 07/03/2005) no seu artigo 18. Concesión directa, indica que:

Las subvenciones contempladas en el artículo 2, que quedan exceptuadas del régimen de concurrencia, se formalizarán previo convenio, en su caso, con la entidad beneficiaria en los que, obligatoriamente, se establecerán las condiciones y compromisos aplicables de conformidad con lo dispuesto en la LGS.

Que pola súa parte, o convenio regulador da subvención aprobado por Xunta de Goberno de data 31/12/2021, prevé na súa cláusula Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación, que:

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2022, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Que establece a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público no seu art.48.8 que «os convenios se perfeccionan pola prestación do consentimento das partes».

Entendendo en consecuencia, que a lei se referiría a (...) los convenios perfeccionados con las expresiones «convenios firmados» o «convenios suscritos» lo que demuestra que la prestación del consentimiento se expresa en el acto de su firma o suscripción por los sujetos que convienen, de manera que puede afirmarse que la suscripción es lo que da vida al convenio, en tanto es el momento en el que concurre el consentimiento delas partes, de manera que no comienza a existir hasta que se suscribe.

Consecuentemente, la forma escrita no puede reducirse a un mero vehículo que dé certidumbre a la relación; el convenio se perfecciona y adquiere fuerza vinculante a partir de su formalización escrita (suscripción), de manera que podrá demorarse o anticiparse convencionalmente su eficacia, pero habrá quedado perfeccionado desde dicho momento.<sup>3</sup>

---

<sup>3</sup> La regulación de los convenios administrativos en la ley de régimen jurídico del sector público José Pascual García Doctor en Derecho



Así mesmo, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece no seu artigo 10.1 que a sinatura acredita a autenticidade da expresión da vontade e o consentimento daquel que asina. Por tanto, debemos concluír que o convenio se perfecciona mediante a sinatura das partes, e que esta sinatura acredita a vontade destas de consentir en obrigarse ao cumprimento do establecido no convenio.

En sentenza do Tribunal Supremo STS 3342/2017, Recurso 1947/2015, o tribunal nos antecedentes de feito, manifesta:

(...)

Entiende la Sala que en materia de subvenciones y ayudas públicas el claro interés social subyacente (no olvidemos que estamos ante la canalización de fondos públicos que suponen beneficios económicos que entrañan distorsiones en el mercado) impone un control escrupuloso, de tal manera que en la subvención o ayuda concedida de forma condicionada al cumplimiento de determinadas condiciones, de fondo y forma, se impone controlar que se hayan cumplido íntegramente los condicionantes.

E continúa incidindo en que:

Al efecto podemos citar la S. TS de 02-12- 08 (Recurso Núm.: 2181/2006) con cita en otra sentencia anterior de 12-03-2008 (Recurso Núm.: 2618/2005):

<<"Esta Sala ha sentado una doctrina ya consolidada en cuanto a la exigencia del cumplimiento de las condiciones impuestas a los beneficiarios de subvenciones (...)

Hemos mantenido de modo constante que quien pretende obtener en su provecho caudales públicos por la vía de la subvención debe guardar una conducta respetuosa con las obligaciones, materiales y formales, a cuyo cumplimiento se subordina la entregade aquéllos. El incumplimiento de las obligaciones de forma, aunque tengan un carácter instrumental, también puede determinar, en aplicación de los preceptos legales, o bien el decaimiento del derecho a obtener el beneficio o bien el deber de reintegrar su importe.

(...)

Las cantidades que se otorgan al beneficiario están vinculadas al pleno cumplimiento de los requisitos y al desarrollo de la actividad prevista al efecto. Existe, por tanto, un carácter condicional en la subvención, en el sentido de que su otorgamiento se produce siempre bajo la condición resolutoria de que el beneficiario cumpla unas exigencias o tenga un determinado comportamiento o realice una determinada actividad en los concretos términos en que procede su concesión.

En consecuencia, entendiendo que «como queira que a eficacia plena do acordo de concesión queda condicionada ao cumprimento dos seus deberes polo beneficiario, decaería o presuposto básico do acto administrativo de concesión, presuposto que actuaría a modo de condición resolutoria.»

Á vista das circunstancias expostas no presente informe, e dada a acreditación de facto e de manifesto, formulada polo beneficiario da súa vontade de non proceder á sinatura do convenio canalizador da subvención concedida.

E entendendo que á vista dos antecedentes expostos serían de aplicación as previsións recollidas no artigo 89. do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, por se producir concurrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, garantindo, en todo caso, o dereito do interesado á audiencia.

Polo exposto, procedeuse a iniciar o procedemento administrativo co fin de declarar a perda do dereito da subvención directa de carácter excepcional concedida por acordo de Xunta de Goberno de data 31-12-2020 a Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa, con CIF: G27109636, por importe de 2.125,63 €, para sufragar gastos derivados da actuación “Equipamento recinto de xogo de tenis de mesa“, sen prexuízo dos demais efectos que procedan de acordo coa normativa aplicable.

Que con data 09/06/2021 11:43 e numero de rexistro de saída 2021RPS006834, procedeuse a comunicarlle ao beneficiario, á vista do exposto, o inicio do procedemento previsto para a declaración de perda de dereito, co respectivo tramite de audiencia previo e por tanto a apertura do prazo previsto para alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considerase





pertinentes, de acordo co sinalado nos artigos 40 e 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Que consta no expediente electrónico o envío de notificación do respectivo o inicio do procedemento previsto para a declaración de perda de dereito, co respectivo tramite de audiencia previo de data 09/06/2021 11:43, e que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 09/06/2021 17:50:56, tendo en conta que o trámite de audiencia ten como obxectivo que o interesado poida formular alegacións e que o que se pretende é asegurar tamén que se lle concede a posibilidade de examinar e coñecer a totalidade do expediente.

Que non consta achega de documentación e/ou alegacións polo beneficiario Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa no Servizo de Deportes respecto do inicio do procedemento previsto para a declaración de perda de dereito e do respectivo tramite de audiencia.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa por importe de 2.125,63 € para “Equipamento recinto de xogo de tenis de mesa“, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 31 de decembro de 2020.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención excepcional concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 31 de decembro de 2020, á Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa por importe de 2.125,63 € para “Equipamento recinto de xogo de tenis de mesa“.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 15.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

**Primeira.-** *Proposta de ratificación resolución da Presidencia de 22 xullo do 2021 de reincorporación ao servizo activo da funcionaria de carreira dona Leticia Vilar Pumares.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por Resolución da Presidencia de 22 de xullo do 2021, acordouse “declarar a Dona Leticia Vilar Pumares, funcionaria de carreira da Deputación Provincial de Lugo e titular do posto de Xefa do Servizo de Comunicación e TICs, na situación administrativa de servizo activo, con efectividade do día 22 de xullo do 2021, ao cesar do seu cargo de membro do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia; cos efectos e garantías derivados da citada declaración e que se sinalan no artigo 169 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, ratificando a dita resolución pola Xunta de Goberno na próxima sesión que celebre o dito Órgano.”

A citada Resolución ten como fundamento o seguinte:

“A funcionaria de carreira e titular do posto de Xefa do Servizo de Comunicacións e TICs da Deputación Provincial de Lugo, Dona Leticia Vilar Pumares, mediante escrito de 22 de xullo do 2021, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no mesmo día (2021RPE020977), solicita a súa reincorporación ao servizo activo, dende a situación administrativa de servizos especiais, ao cesar no seu cargo como membro do Consello de Administración da Corporación Radio Televisión de Galicia.

Acompaña a súa solicitude coa seguinte certificación:

“María García de la Concha Álvarez, DNI \*\*\*5987\*\*, (...),

C E R T I F I C A :

Primeiro.- Que Leticia Vilar Pumares, DNI/NIF \*\*\*3471\*\*, con enderezo en Lugo foi elixida membro do Consello de Administración da Corporación RTVG polo Pleno do Parlamento de Galicia na súa sesión do 3 de agosto de 2015, de conformidade co preceptuado no artigo 14.1. da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.



Segundo.- Que foi nomeada conselleira do Consello de Administración da Corporación RTVG a partir das 00:00 h do 1 de xaneiro de 2016. O seu nomeamento realizouse mediante acta de decisións da representante do socio único da extinta Televisión de Galicia, S.A.U. (a secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda) do 31 de decembro de 2015.

Terceiro.- Que aceptou o antedito nomeamento no pleno ordinario que o Consello de Administración da Corporación RTVG realizou o 4 de xaneiro de 2016.

Cuarto.- Que desenvolveu ininterrompidamente as funcións propias do cargo entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 21 de xullo de 2021, data na que se fixo efectiva a extinción pola aceptación do cargo por parte das novas e dos novos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG”.

Á vista do informe do Servizo de Recursos Humanos no que, trala análise das disposicións legais aplicables, conclúe:

“Analizada a lexislación básica estatal e galega de función pública aplicable, a funcionaria de carreira da Deputación Provincial de Lugo, Dona Leticia Vilar Pumares, cuxo mandato como membro do Consello de Administración da Corporación RTVG foi extinguido ao tomar posesión as e os novos membros do dito Consello, o día 21 de xullo do 2021, debe ser declarada en situación administrativa de Servizo Activo e reingresar no seu posto de traballo como Xefa do Servizo de Comunicacions e TICs, con efectividade do 22 de xullo do 2021, coas consecuencias legais da dita declaración, en canto a retribucións, seguridade social, antigüidade e demais dereitos e obrigas que se derivan da dita declaración e reingreso ao servizo activo nesta Deputación Provincial de Lugo.

De estimarse oportuno polo órgano competente, pode ditarse resolución da Presidencia, para axilizar o dito trámite, en uso das atribucións que lle confire a lexislación de Réxime Local, sen prexuízo de que a dita Resolución sexa ratificada na seguinte Xunta de Goberno que se celebre”.

Atendendo a canto antecede, na miña condición de Deputada Delegada de Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59 do Regulamento Orgánico da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro do 2020), a Presidencia resolva:

Declarar a Dona Leticia Vilar Pumares, funcionaria de carreira da Deputación Provincial de Lugo e titular do posto de Xefa do Servizo de Comunicación e TICs, na situación administrativa de servizo activo, con efectividade do día 22 de xullo do 2021, ao cesar do seu cargo de membro do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia; cos efectos e garantías derivados da citada declaración e que se sinalan no artigo 169 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, ratificando a dita resolución pola Xunta de Goberno na próxima sesión que celebre o dito Órgano.”

Tendo en conta o sinalado polo artigo 59 do Regulamento Orgánico da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro do 2020), formúlase a proposta a Xunta de Goberno do seguinte acordo:

Ratificar a referida Resolución da Presidencia de 22 de xullo do 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.**- *Proposta de ratificación, se procede, da resolución de Presidencia en relación coa modificación das bases do Programa Bono Impulso- Deputación de Lugo (Bono para a hostalaría e comercio local).*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

““Tendo en conta a urxencia de realizar a modificación das Bases do Programa Bono Impulso Deputación de Lugo (Bono para a Hostalaría e Comercio Local), mediante resolución da Presidencia de 19 de xullo de 2021 foi aprobada a dita modificación, que textualmente di:

Considerando que a Pandemia ocasionada polo Covid 19, esta xerando graves estragos na economía, que arrastra a millóns de empresas o peche aumentando de forma considerable as cifras de desemprego no territorio. O reto no que nos atopamos é dobre e debe estar centrado no apoio as



empresas e as familias para asegurar unha recuperación mas rápida e forte da economía, por este motivo aprobase o 30 de abril de 2021 en Xunta de Goberno as bases do Programa Bono Impulso-Deputación de Lugo.

Considerando que con data 08.06.2021 acórdase en xunta de Goberno da Deputación de Lugo a listaxes de establecementos adheridos e listaxe de establecementos excluídos xunto coa motivación da mesma, tal e como establecen as bases do programa para a súa posterior aprobación.

Considerando que unha vez finalizada esta fase, ábrese o prazo de inscrición dos cidadáns, que atendendo ao establecido na base 9 do programa e a existencia de bonos pendentes de asignar, alóngase de xeito ininterrompido ata o 15 de xullo de 2021.

Considerando que debido circunstancias propias da estrutura social da provincia tales coma o envellecemento da poboación, a falta de implantación do certificado dixital e a necesidade de solicitar cita previa nos rexistros dos concellos debido á situación provocada pola pandemia do Covid 19, moitos cidadáns atopáronse imposibilitados para poder presentar a dita solicitude nos prazos establecidos.

Considerando que atendendo á propia motivación do Programa Bono Impulso, que sorxe coma resposta da situación de grave e urxente necesidade económica na que se atopan tanto empresas comas familias fronte a pandemia ocasionada polo Covid 19, e considerando o disposto no art. 10 da Lei 40/2015 que establece a posibilidade dos órganos administrativos de avocar para si o coñecemento de un asunto cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente e en o mesmo sentido segundo o previsto no Regulamento Orgánico desta Deputación de Lugo (BOP do 3 de setembro de 2020) segundo o seu artigo 59. c), dende esta sección considérase necesario que se avoque a esta presidencia a competencia que lle corresponde de modo orixinario de acordo coas previsións da LBR, delegada actualmente na Xunta de Goberno, así coma a modificación das base do programa no que se refire aos prazos de solicitude, consumo e xustificación.

Por todo o anterior, propónse á esta Presidencia, resolva:

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, para a modificación das bases do programa Bono Impulso aprobada pola Xunta de Goberno con data 30.04.2021.

2º.- A modificación das seguintes Bases do Programa:

Base 4

Onde dí:

“(…)

Os gastos bonificados son os realizados desde o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web de Deputación de Lugo ata o 31 de agosto de 2021, coa excepción dos bonos procedentes do sorteo que se habilitará un período adicional de 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web.

Debe dicir:

“(…)

Os gastos bonificados son os realizados desde o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web de Deputación de Lugo ata o 30 de setembro de 2021, coa excepción dos bonos procedentes do sorteo que se habilitará un período adicional de 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web.”

Base 9

Onde di:

“(…)

Organizarase unha cuarta fase no caso de que finalizada a fase III queden bonos pendentes de asignar, procedéndose do seguinte modo: publicarase unha listaxe dos bonos pendentes por concello, esta listaxe actualizarase cada 10 días na páxina web, condicionado ao volume de solicitudes. Abrirase un prazo ininterrompido ata o 15 de xullo de 2021 para a súa concesión.

(…)



Na quinta fase, finalizado o prazo máximo para o consumo (31 de agosto de 2021), en caso de seguir existindo bonos sen asignar, procederase a un sorteo entre os solicitantes reserva e, no caso de ser necesario, entre o total dos consumidores a través dun acto público tal e como se indica no Base 13.”

Debe Dicar:

“(…)

Organizarase unha cuarta fase no caso de que finalizada a fase III queden bonos pendentes de asignar, procedéndose do seguinte modo: publicarase unha listaxe dos bonos pendentes por concello, esta listaxe actualizarase cada 10 días na páxina web, condicionado ao volume de solicitudes. Abrirase un prazo ininterrompido ata o 31 de xullo de 2021 para a súa concesión.”

(…)

Na quinta fase, finalizado o prazo máximo para o consumo (30 de setembro de 2021), en caso de seguir existindo bonos sen asignar, procederase a un sorteo entre os solicitantes reserva e, no caso de ser necesario, entre o total dos consumidores a través dun acto público tal e como se indica no Base 13.

Base 10

Onde dí:

“(…)

Os establecementos adheridos ao programa poderán facer efectivos os bonos aplicados ao finalizar o período de consumo e ata a data límite do 31 de agosto de 2021, na fase III e IV e ata 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación no BOP e a páxina web da concesión do bono a través do sorteo, sendo tramitado coa maior celeridade por parte dos distintos departamentos da Deputación de Lugo.

(…)

O prazo máximo para presentar a conta xustificativa será o 15 de setembro e habilitarase un proceso especial para os outorgados mediante sorteo habilitándose 15 días hábiles dende o día seguinte á finalización do prazo de consumo outorgado.”

Debe dicir:

“(…)

Os establecementos adheridos ao programa poderán facer efectivos os bonos aplicados ao finalizar o período de consumo e ata a data límite do 30 de setembro de 2021, na fase III e IV e ata 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación no BOP e a páxina web da concesión do bono a través do sorteo, sendo tramitado coa maior celeridade por parte dos distintos departamentos da Deputación de Lugo.

(…)

O prazo máximo para presentar a conta xustificativa será dende o 1 ata o 15 de outubro de 2021, e habilitarase un proceso especial para os outorgados mediante sorteo habilitándose 15 días hábiles dende o día seguinte á finalización do prazo de consumo outorgado.”

Base 13

Onde di:

“(…)

No caso de existencia de bonos sen asignar despois do mencionado prazo, publicarase unha listaxe cos bonos pendentes por concello e abrirase un novo prazo ininterrompido ata o 15 de xullo de 2021.”

(…)

3) O prazo para facer efectivo o uso do bono será dende o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web de Deputación de Lugo, ata o 31 de agosto de 2021, a partir deste intre os bonos perderán a súa validez como medio de pago.”

(…)

5) Finalizado o período de consumo (31 de agosto de 2021), tras a comprobación por parte do órgano xestor detectáense bonos sen asignar realizarase un sorteo. Devandito sorteo desenvolverase da seguinte maneira:”

(…)

4) O prazo para a xustificación por parte dos establecementos adheridos será ata o 15 de setembro de 2021.”





Debe Dicar:

“(…)

No caso de existencia de bonos sen asignar despois do mencionado prazo, publicarase unha listaxe cos bonos pendentes por concello e abrirase un novo prazo ininterrompido ata o 31 de xullo de 2021.”

(…)

3) O prazo para facer efectivo o uso do bono será dende o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web de Deputación de Lugo, ata o 30 de setembro de 2021, a partir deste intre os bonos perderán a súa validez como medio de pago.”

(…)

5) Finalizado o período de consumo (30 de setembro de 2021), tras a comprobación por parte do órgano xestor detectásenos bonos sen asignar realizarase un sorteo. Devandito sorteo desenvolverase da seguinte maneira:

(…)

4) O prazo para a xustificación por parte dos establecementos adheridos será dende o 1 ata o 15 de outubro de 2021.”

Base 14

Onde di:

“(…)

No caso de que non se asigne o total de bonos por concellos, resolverase de forma periódica a relación de consumidores, ata o 15 de xullo de 2021 incluído.

Debe dicir:

“(…)

No caso de que non se asigne o total de bonos por concellos, resolverase de forma periódica a relación de consumidores, ata o 31 de xullo de 2021 incluído.”

1. Que se aprobe a súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo e na Base Nacional de Subvencións.

2. Ratificar esta resolución na seguinte Xunta de Goberno.

Polo anteriormente exposto formulase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Ratificar a resolución de Presidencia de data 19 de xullo de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.